

***Compañía de tranvías de La Coruña (1876-2005).
Redes de transporte local***

A. MARTÍNEZ [dir.], C. Piñeiro e C. Velasco
Madrid: LID. 2006
[370 páxinas]

Recibido: 4 de marzo de 2008

Aceptado: 13 de marzo de 2008

Durante o século XIX, o desenvolvemento urbano trouxo consigo a necesidade de introducir novos servizos de transporte acordes coa dimensión espacial e demográfica das principais cidades. Neste sentido, os tranvías representaron unha contribución fundamental para o desenvolvemento das cidades e para facilitar a mobilidade da súa poboación.

Os estudos realizados sobre este medio de transporte urbano no ámbito español experimentaron un maior dinamismo nos últimos anos, tanto no relativo ao seu número como á súa calidade. A eles súmase este traballo sobre a Compañía de Tranvías da Coruña no que os autores realizan unha rigorosa investigación sobre a historia económica e social desta empresa coruñesa relacionándoa en todo momento coa evolución da cidade.

A publicación, ao longo dos doce capítulos que a integran (ademais dunha introdución, das conclusións, dos anexos, das fontes, das notas e dun índice onomástico) e que percorren os algo máis de cen anos da historia da compañía coruñesa, posibilita o coñecemento rigoroso da implantación e do desenvolvemento do servizo de tranvías, da súa xestión económica e do seu impacto social durante tres grandes etapas: o primeiro terzo do século XX, o período franquista e a democracia.

No primeiro capítulo relátanse os intentos existentes no período 1876-1900 para a creación dun sistema de transporte público urbano, que se considera necesario polo crecemento económico e demográfico da cidade herculina e que, finalmente, concluirá coa constitución da Compañía de Tranvías da Coruña no ano 1901. Os dous capítulos seguintes analizan a evolución da empresa durante o primeiro terzo do século XX, desde a súa posta en funcionamento utilizando a tracción de sangue (1903-1912) ata a electrificación da rede que se levou a cabo entre os anos 1913 e 1929. Os primeiros anos de funcionamento constituíron unha etapa de dificultades económicas para a Compañía debido á escasa rendibilidade que proporcionaba o sistema de tracción empregado nun primeiro momento. A primeira liña urbana electrificada inaugurouse no ano 1913, iniciándose a partir dese momento os proxectos de ampliación á periferia e de electrificación de toda a rede urbana, con resultados beneficiosos para o negocio.

Seguidamente, introdúcese o primeiro dos tres capítulos (5, 9 e 12) dedicados no libro ao estudo da estrutura laboral da empresa, centrándose neste caso en as-

pectos coma o réxime laboral, a evolución dos salarios, as prestacións aos traballadores e a conflitividade e o sindicalismo durante os primeiros trinta anos do pasado século.

As dificultades experimentadas pola Compañía durante a década dos anos trinta son analizadas no capítulo 4. Así, os autores investigan como para facerlle fronte á escasa ocupación dos vehículos, á redución dos ingresos da liña de Sada, ao estancamento do servizo nas liñas urbanas e ao comportamento inflacionario dos custos, a empresa tratou de ofrecer novas prestacións como a introdución de autobuses, que se puxeron en funcionamento no ano 1936.

A análise da evolución da empresa durante o franquismo realízase nos capítulos 6 a 8. No primeiro deles, relativo ao período de posguerra, Martínez, Piñeiro e Velasco examinan os factores de comportamento da demanda e da oferta da empresa para explicar as dificultades empresariais durante a década dos anos corenta. Os maiores problemas procederon do lado da oferta e debíanse a factores de política económica que provocaron sobre todo estrangulamentos enerxéticos e que impediron manter en funcionamento os vehículos e a rede. Os autores proseguen estudando como se produce a reconversión da rede urbana a través da substitución do tranvía polo trolebús, que se iniciou no ano 1948 e que culminou no ano 1962. Este cambio de tracción, xunto coas medidas gubernamentais de apoio ante as dificultades do sector, favoreceu unha recuperación dos beneficios da Compañía de Tranvías en comparación coa década anterior. No último capítulo deste bloque descríbese o terceiro cambio de tracción motivado, en boa medida, pola progresiva substitución dos trolebuses por autobuses, que se producía a nivel xeral e que facía que cada vez fose máis difícil a reposición das pezas avariadas. Malia iso, a transformación da primeira liña non foi realizada ata o ano 1973.

Ao longo dos capítulos 10 e 11 invéstigase a evolución da empresa na época da democracia distinguindo dos subperíodos: 1979-1989 e 1990-2005. Durante os anos oitenta levouse a cabo unha profunda reestruturación da empresa reflectida nunha actualización das tarifas, nun reaxuste do cadro de persoal e nunha política de contención salarial, á vez que o Concello coruñés iniciaba a reestruturación do transporte urbano para facilitarlles servizo ás zonas máis periféricas. Finalmente, a última etapa estudada –o período 1990-2005–, cualificada polos autores como de “xestión tranquila”, caracterízase pola estabilidade e pola progresiva modernización do servizo, unha vez reestruturado o transporte nos anos anteriores, acompañada dunha continua recuperación no número de usuarios e da rendibilidade da empresa. O principal desafío ao que debe enfrontarse o transporte da cidade herculina é o da creación dun plan de transporte estruturado que cubra a súa área metropolitana.

En definitiva, esta investigación non só é unha excelente monografía de historia empresarial, que ofrece un detallado coñecemento sobre a Compañía de Tranvías da Coruña, senón que tamén integra unha historia do crecemento urbano coruñés, dado que a evolución da empresa se relacionou en todo momento coa transforma-

ción da cidade. Ademais, cómpre facer mención a dous aspectos específicos do traballo que incrementan o seu valor científico. O primeiro, a atención prestada á historia social da empresa reflectida na existencia de tres capítulos da obra dedicados na súa integridade a mostrar a situación dos traballadores, e o segundo, a análise rigorosa da evolución financeira da empresa ao longo dos seus máis de cen anos de existencia.

MARÍA PILAR FREIRE ESPARÍS
Universidade de Santiago de Compostela